

ANEXO I

Nivel deportivo mínimo e criterios de selección en competicións interuniversitarias - Curso 2019 / 2020

TAEKWONDO

1. Nivel deportivo mínimo esixido segundo cada competición:
 - **Campionato Galego Universitario ou Galaico - Duriense:**
 - o Non se establece nivel deportivo mínimo para as persoas integrantes.
 - **Campionato de España Universitario:**
 - o Cumprir ao menos unha das seguintes condicións:
 - Participar no Campionato Galego absoluto e acadar un posto entre os tres primeiros/as nalgunha das súas dúas últimas edicións (prazo contado a partir do último día de pre-inscrición no aplicativo deporxest).
 - Participar no Campionato de España absoluto e acadar un posto entre os/as dezaseis primeiros/as nalgunha das súas dúas últimas edicións (prazo contado a partir do último día de pre-inscrición no aplicativo deporxest).
 - Ser medallista na última edición dos CEU.
 - o Se a persoa aspirante non tivese participado nalgún dos campionatos mencionados, o asesor técnico podería ter en conta os seus resultados en campionatos nacionais e internacionais acadados nas dúas últimas tempadas e a súa traxectoria deportiva xeral.
- 2.- O equipo representativo da Universidade de Vigo estará integrado, na modalidade de Combate, por un alumno e unha alumna por cada un dos pesos que inclúa o programa de competición. Cando o/a deportista seleccionado/a fose o/a medallista de ouro do CEU da edición anterior, excepcionalmente poderá engadirse nesa categoría e peso un/unha segundo/a deportista, sempre que cumpra os requisitos do punto 1 e que o permita o regulamento técnico da competición. Na modalidade de Poomsae o equipo representativo estará integrado por un home e unha muller, esta cifra poderá ser incrementada baixo criterio técnico se o regulamento técnico da competición o permitira.

3.- Para facer a selección valoraranse, por esta orde, os seguintes aspectos:

- Resultados obtidos no Campionato Galego Universitario e/ou nas probas de selección, no caso de que se convoquen.
- Resultados obtidos en competicións oficiais ao longo da tempada en curso.
- Valoración do/a responsable técnico/a.